

John Balan: o último cowboy de Galicia



Jonh Balan cowboy.



Jonh Balan diante da Estatua da Liberdade. |

Jonh Balan ante la Estatua de la Libertad.

Ángel PELÁEZ

Hai uns meses pasou a peor vida, porque morrer dígase o que se diga, é a gran faena da existencia, un galego extraordinario, único, irreplicable.

Sería pouco menos que imposible explicar a alguén que non vise actuar en vivo ou en televisión ao gran artista que foi John Balan, porque Balan eran moitas persoas nunha soa, algo así como a Santísima Trindade pero moitísimos máis. Ata existe a dúbida razoada de se o propio Balan chegou a saber algún día cal era a súa verdadeira identidade. Para uns, un tolo, un excéntrico extravagante, un cara lavada, pero para a maioría un prodixioso cantante, un actor xenial e sobre todo un artista excepcional no máis amplo sentido da palabra.

Igual que os ventrílocuos, portaba sempre consigo un imaginario baúl do que ía sacando os personaxes que necesitaba para realizar as súas portentosas actuacións cuxo escenario cabía nunha tasca, un autobús, unha tenda, ou calquera lugar onde houbera alguén disposto a contemplar o seu sorprendente espectáculo. E así, o mesmo ía sacando un gánster que un cowboy, un lanzador de foguetes que un cantante de boleros, un sheriff que unha banda de música completa. John era ademais o xerente e administrador único da compañía de grandes artistas que levaba no seu maxín e tamén o director e guionista de todas as películas que el mesmo interpretaba, un complexo e diversificado grupo de comunicación audiovisual ao que el denominaba pomposamente *John Balan Entertainment Productions*.

Pese a convivir con tanta xente na cabeza, Balan non estaba tolo nin sufría de paranoia como sostíña máis dun malicioso imbécil que, desde a súa pobreza intelectual, non alcanzaba a entender o extraordinario e particular mundo de Balan con

Hace unos meses pasó a peor vida, porque morirse se diga lo que se diga, es la gran faena de la existencia, un gallego extraordinario, único, irreplicable.

Sería poco menos que imposible explicar a alguien que no haya visto actuar en vivo o en televisión al gran artista que fue John Balan, porque Balan eran muchas personas en una sola, algo así como la Santísima Trinidad pero muchísimos más. Hasta existe la duda razonada de si el propio Balan llegó a saber algún día cuál era su verdadera identidad. Para unos, un loco, un excéntrico extravagante, un caradura, pero para la mayoría un prodigioso cantante, un actor genial y sobretodo un artista excepcional en el más amplio sentido de la palabra.

Al igual que los ventrílocuos, portaba siempre consigo un imaginario baúl del que iba sacando los personajes que necesitaba para realizar sus portentosas actuaciones cuyo escenario cabía en una tasca, un autobús, una tienda, o cualquier lugar donde hubiera alguien dispuesto a contemplar su sorprendente espectáculo. Y así, lo mismo iba sacando un gánster que un cowboy, un lanzador de cohetes que un cantante de boleros, un sheriff que una banda de música completa. John era además el manager y administrador único de la compañía de grandes artistas que llevaba en su magín y también el director y guionista de todas las películas que él mismo interpretaba, un complejo y diversificado grupo de comunicación audiovisual al que él denominaba pomposamente *John Balan Entertainment Productions*.

Pese a convivir con tanta gente en la cabeza, Balan no estaba loco ni sufría de paranoia como sostenía más de un malicioso imbécil que, desde su pobreza intelectual, no alcanzaba a entender el extraordinario y particular mundo de Balan con



Nunha escea de *La muerte inoxidable*. |
En una escena de *La muerte inoxidable*.



Con Rafael Pintos Vladimir.

John Balan: el último cowboy de Galicia

todo o seu maravilloso absurdo. A Balan, a realidade que vive non lle parece o suficiente intensa e atractiva, ou resúltalle demasiado raquíca por iso, como no seu momento fixo Don Quixote, decide sinxelamente fabricar unha nova á súa medida e, xa posto, unha moito máis excitante e divertida. Deste modo John Balan acábase suplantando a si mesmo e vive unha nova realidade virtual. ¡A quen no lle gustaría poder facer o mesmo!

Teño moi unido aos meus recordos de infancia a impactante imaxe de John Balan. Naquela gris e deprimida Pontevedra dos anos cincuenta, na que a penas pasaba nada que non tivera que ver coa aburrida rutina diaria, todos os rapaces andabamos embobados detrás daquel fascinante personaxe vestido de cowboy que moi serio entraba nun local e en tan só uns segundos poñía el só en pé un esplendoroso espectáculo coa simple axuda dunha porta. John non nos parecía moi distinto daqueles soberbios actores americanos que viamos nos fríos cines Malvar ou Victoria. Nós, como ocorría en *La rosa púrpura del Cairo*, chegamos a estar absolutamente convencidos de que tamén el atravesara a pantalla e estaba agora representando en vivo para nós a película da que escapara. Moitos anos despois, tiven o grande honor de converterme no seu amigo con motivo da realización dun docudrama sobre a súa vida (cando en TVE aínda non estaba prohibido facer programas de certa calidade). Tituleino *El sueño americano de John Balan* e emitiuse dentro da botada de menos serie *Vivir cada día*.

Nunca esqueceré aquelas longas charlas con John na súa casa do Seixo preparando o guión do programa. Como non podería ser doutra maneira todo o que contaba resultábame in-

todo su maravilloso absurdo. A Balan, la realidad que vive no le parece lo suficiente intensa y atractiva, o le resulta demasiado raquíca por eso, como en su momento hizo Don Quijote, decide sencillamente fabricarse una nueva a su medida y, ya puesto, una mucho más excitante y divertida. De este modo John Balan se acaba suplantando a sí mismo y vive una nueva realidad virtual. ¡A quién no le gustaría poder hacer lo mismo!

Tengo muy unido a mis recuerdos de infancia la impactante imagen de John Balan. En aquella gris y deprimida Pontevedra de los años cincuenta, en la que apenas pasaba nada que no tuviera que ver con la aburrida rutina diaria, todos los chiquillos andábamos embobados detrás de aquel fascinante personaje vestido de cowboy que muy serio entraba en un local y en tan sólo unos segundos ponía él solo en pie un esplendoroso espectáculo con la simple ayuda de una puerta. John no nos parecía muy distinto de aquellos soberbios actores americanos que veíamos en los fríos cines Malvar o Victoria. Nosotros, como ocurría en *La rosa púrpura del Cairo*, llegamos a estar absolutamente convencidos de que también él había atravesado la pantalla y estaba ahora representando en vivo para nosotros la película de la que se había escapado. Muchos años después, tuve el gran honor de convertirme en su amigo con motivo de la realización de un docudrama sobre su vida (cuando en TVE aún no estaba prohibido hacer programas de cierta calidad). Lo titulé *El sueño americano de John Balan* y se emitió dentro de la añorada serie *Vivir cada día*.

Nunca olvidaré aquellas largas charlas con John en su casa del Seixo preparando el guión del programa. Como no podía ser de otra manera todo lo que contaba me resultaba increíble



crible e surrealista pero ao facelo desde o lado da súa lóxica, aquilo terminaba parecendo o máis normal e natural do mundo. Quizais aí residía a clave e o éxito do discurso de Balan: facer pasar por normal o absurdo.

Escoitaba fascinado a narración da súa asombrosa biografía. Contábame que con dez anos xa conducía o seu propio coche de Seixo a Marín aclarando –porque aínda que puidera non parecelo, el sempre distinguíu a realidade da fantasía– que o que verdadeiramente facía era ir correndo cun imaxinario volante entre as mans, imitando o ruído dun automóbil e facendo sonar a bucina. Contaba, moi serio, que chegou a un virtuosismo tal que nunha ocasión unha leiteira, confundíndoo cun coche de verdade, tirouse espavorecida a unha cuneta derramando todo o leite.

O neno Balan pouco a pouco empezaba a descubrir asombro que posuía unha estraña habilidade para reproducir todo tipo de sons e un oído portentoso para a música. Presenciaba entusiasmado os ensaios da banda de música da Escola Naval de Marín na praia de Portocelo. Alí ía gravando no seu caletre o rexistro de cada un dos instrumentos e despois, na súa casa, interpretáboas conseguindo que soaran todos case á vez.

As habilidades daquel personaxe tan singular empezaron a ser coñecidas e celebradas por toda a zona de Marín e Pontevedra. Con frecuencia subíase ao trolebús, situábase na plataforma traseira, dáballes unha orde aos seus músicos e a *big band* atacaba o *In the Moom* ante o asombro e a troula do condutor e dos viaxeiros.

Cando foi chamado a filas quixo o destino que lle tocara a base de Rota. Con frecuencia coábase, sen ningún rubor, no bar dos oficiais americanos para oírles falar engaiolado o idioma polo que xa empezaba a sentir, ao igual que todo o ianqui,



John Balan cantante de boleros.

y surrealista pero al hacerlo desde el lado de su lógica, aquello terminaba pareciendo lo más normal y natural del mundo. Quizás ahí residía la clave y el éxito del discurso de Balan: hacer pasar por normal lo absurdo.

Escuchaba fascinado la narración de su asombrosa biografía. Me contaba que con diez años ya conducía su propio coche de Seixo a Marín aclarando –porque aunque pudiera no parecerlo, él siempre distinguió la realidad de la fantasía– que lo que verdaderamente hacía era ir corriendo con un imaginario volante entre las manos, imitando el ruido de un automóvil y haciendo sonar el claxon. Contaba, muy serio, que llegó a un virtuosismo tal que en una ocasión una lechera, confundíndolo con un coche de verdad, se tiró despavorida a una cuneta derramando toda la leche.

El niño Balan poco a poco empezaba a descubrir asombro que poseía una estraña habilidad para reproducir todo tipo de sonidos y un oído portentoso para la música. Presenciaba entusiasmado los ensayos de la banda de música de la Escuela Naval de Marín en la playa de Portocelo. Allí iba grabando en su caletre el registro de cada uno de los instrumentos y después, en su casa, los interpretaba consiguiendo que sonaran todos casi a la vez.

Las habilidades de aquel personaje tan singular empezaron a ser conocidas y celebradas por toda la zona de Marín y Pontevedra. Con frecuencia se subía al trolebús, se situaba en la plataforma trasera, daba una orden a sus músicos y la *big band* atacaba el *In the Moom* ante el asombro y regocijo del conductor y los viajeros.

Cuando fue llamado a filas quiso el destino que le tocara la base de Rota. Con frecuencia se colaba, sin ningún rubor, en el bar de los oficiales americanos para oírles hablar embelesado el idioma por el que ya empezaba a sentir, al igual que todo lo yanqui, una compulsiva atracción. Como a los americanos el chaval les resultaba muy gracioso y simpático, ya que por supuesto no se privaba de deleitarles con todo el repertorio de Glenn Miller, ellos le correspondían a su vez regalándole gorras e insignias.



Reciente homenaxe a John Balan, con Ángel Peláez, autor desta reportaxe. |
Reciente homenaje a John Balan, con Ángel Peláez, autor de este reportaje.

unha compulsiva atracción. Como aos americanos o rapaz resultáballes moi gracioso e simpático, xa que por suposto non se privaba de deleitalos con todo o repertorio de Glenn Miller, eles correspondíanlle á súa vez regalándolle gorras e insignias.

O xornalista e escritor pontevedrés Rafael Landín Carrasco, por aquela época delegado de Información e Turismo en Cádiz, tivo que utilizar toda a súa influencia para sacar da prevención ao mariñeiro de segunda Manuel Outeda Villanueva (o verdadeiro nome de John Balan) que por suposto non se privara de presentarse no toque de retreta tocado con gorra da Sexta Flota e lucindo sobre o seu uniforme multitude de insignias con aguias, barras e estrelas. Pero como case todo na vida de Balan ocorría sempre da forma máis disparatada, en vez de fusilalo ao amencer por aldraxe ao uniforme da gloriosa Armada Española, as autoridades militares creron máis conveniente proceder a licencialo de inmediato.

Como Balan non era nunca consciente da gravidade dalgunhas das súas accións como foi o incidente de Rota, nin por suposto tiña conciencia ningunha de que a súa peculiar conduta podería chegar a ser transgresora, non ten que resultar extraño que comezara a barruntar o seu famoso asalto ao tren. Contábame, con absoluto convencemento e naturalidade, que vendo un *western* sentiuse de pronto excitado excesivamente ao ver como uns foraxidos asaltaban un tren da Unión Pacific e que el necesitaba facer algo parecido no expreso Pontevedra-Ourense, por suposto sempre como unha broma pero iso, de momento, só o sabía el. Equipado cun revólver de xoguete, entrou subitamente nun dos departamentos e encarado aos viaxeiros cominouos a depositar as súas carteiras e obxectos de valor dentro do seu sombreiro texano. Unha vella caeu desmaiada ao instante debido ao absoluto realismo con que procedía o atracador. De nada lle valeron as excusas ante o interventor do tren quen na seguinte estación o entregou enfurecido á Garda Civil. Unha vez máis John sae ben parado do transo xa que o coronel da benemérita tiña noticia de quen era o personaxe e despois dunha leve e paternal amonestación ordenou que o meteran no próximo tren con destino a Pontevedra.



Coa gorra da US Army. | Con gorra de la US Army.

El periodista y escritor pontevedrés Rafael Landín Carrasco, por aquella época delegado de Información y Turismo en Cádiz, tuvo que utilizar toda su influencia para sacar de la prevención al marino de segunda Manuel Outeda Villanueva (el verdadero nombre de John Balan) que por supuesto no se había privado de presentarse en el toque de retreta tocado con gorra de la Sexta Flota y luciendo sobre su uniforme multitud de insignias con águilas, barras y estrellas. Pero como casi todo en la vida de Balan ocurría siempre de la forma más disparatada, en vez de fusilarlo al amanecer por ultraje al uniforme de la gloriosa Armada Española, las autoridades militares creyeron más conveniente proceder a licenciarlo de inmediato.

Como Balan no era nunca consciente de la gravedad de algunas de sus acciones como fue el incidente de Rota, ni por supuesto tenía conciencia alguna de que su peculiar conducta pudiera llegar a ser transgresora, no ha de resultar extraño que comenzara a barruntar su famoso asalto al tren. Me contaba, con absoluto convencimiento y naturalidad, que viendo un *western* se sintió de pronto excitado en sobremanera al ver como unos forajidos asaltaban un tren de la Unión Pacific y que él necesitaba hacer algo parecido en el expreso Pontevedra-Orense, por supuesto siempre como una broma pero eso, de momento, sólo lo sabía él. Pertrechado de un revólver de juguete, entró súbitamente en uno de los departamentos y encañonado a los viajeros les conminó a depositar sus carteras y objetos de valor dentro de su sombrero tejano. Una vieja cayó desmayada al instante debido al absoluto realismo con que procedía el atracador. De nada le valieron las excusas ante el interventor del tren quien en la siguiente estación lo entregó enfurecido a la Guardia Civil. Una vez más John sale bien parado del trance ya que el coronel de la benemérita tenía noticia de quién era el personaje y des-

Non é de estrañar que tal acumulación de fazañas e peripecias contribuísen a que a fama e a lenda de John Balan comezasen a estenderse rapidamente.

A raíz da súa actuación nun programa de TVE dos anos 70 que dirixía José María Iñigo, Balan fíxose durante unhas semanas famoso en toda España. Sen achantarse ante tanta responsabilidade, xa que nunca actuara ante máis de cincuenta persoas, realizou unha actuación memorable. Con só a súa inseparable porta empezou a debullar o seu insólito repertorio. A xente do estudio e o propio Iñigo rían a gargalladas as películas que John ía interpretando e a brillante execución de boleros e marchas americanas.

Inmediatamente comezaron a choverlle contratos. Pero Balan non soubo aproveitar aquela gran oportunidade. Representantes sen escrúpulos que o explotaban cun soldo miserable e as reiteradas informalidades en que como bo bohemio incorría á hora de presentarse nas salas de actuación, cortaron toda posibilidade de chegar a ser unha figura de primeiro nivel. “Un home sen diñeiro non deixa de ser un vulto sospeitoso” rezaba

un dos seus diálogos da súa película *La muerte es inoxidable*; así debía sentirse o defraudado e desengañado Balan que optou por regresar a Galicia e reencontrarse coa súa xente que nunca lle fallaba.

Unha das secuencias do programa que se ían rodar debería transcourir ícomo non! na súa botada de menos e idealizada terra americana. Viaxar a Estados Unidos acompañado de John Balan é un privilexio que non está ao alcance de calquera. Xa no avión, como de costume, o artista sentíu unha vez máis o desexo compulsivo e irrefreable de exhibir, como el adoitaba dicir, as “*súas excepcionais facultades fonético-larínxeas*”. Nesta ocasión o escenario era algo máis que o trolebús Marín-Pontevedra. Case cincocentas persoas atónitas contemplaban a película *Love in the sky* que John estaba inventando naquel mesmo instante. Desdobrouse en tres personaxes e comezou a pegarse consigo mesmo polas filas do Jumbo de paso que emitía toda sorte de efectos sonoros e incorporaba os correspondentes fondos musicais. “*Morgan, non teño máis remedio que matarte sobre o Atlántico a 11.000m de altura e cunha presión en cabina de 750 m milibares. iiiBang, bang!!! iiiArgh!!!*”

Nos avións non é moi normal que se aplauda, por iso o comandante estrañado quixo invitar á cabina o causante de tanta troulada. Balan coa súa lóxica esmagante non deixaba de sorprenderse de como aquela mole podía sosterse no aire sen caer e preguntáballo ao comandante se era moi difícil levar a nave.



John Balan coa súa inseparable porta. | John Balan con su inseparable puerta.

pués de una leve y paternal bronca ordenó que lo metieran en el próximo tren con destino a Pontevedra.

No es de estrañar que tal acumulación de hazañas y peripecias contribuyeran a que la fama y la leyenda de John Balan comenzaran a extenderse rápidamente.

A raíz de su actuación en un programa de TVE de los años 70 que dirigía Jose María Iñigo, Balan se hizo durante unas semanas famoso en toda España. Sin achantarse ante tanta responsabilidad, ya que nunca había actuado ante más de cincuenta personas, realizó una actuación memorable. Con sólo su inseparable puerta empezó a desgranar su insólito repertorio. La gente del estudio y el propio Iñigo reían a carcajadas las películas que John iba interpretando y la brillante ejecución de boleros y marchas americanas.

Inmediatamente comenzaron a lloverle contratos. Pero Balan no supo aprovechar aquella gran oportunidad. Representantes sin escrúpulos que lo explotaban con un sueldo miserable y las reiteradas informalidades en que como buen bohemio incurría a la hora de presentarse en las salas de actuación, cortaron toda

posibilidad de llegar a ser una figura de primer nivel. “Un hombre sin dinero no deja de ser un bulto sospechoso” rezaba uno de los diálogos de su película *La muerte es inoxidable*; así se debía sentir el defraudado y desengañado Balan que optó por regresar a



Galicia y reencontrarse con su gente que nunca le fallaba.

Una de las secuencias del programa que se iban a rodar debería transcurrir ícómo no! en su añorada e idealizada tierra americana. Viajar a Estados Unidos acompañado de John Balan es un privilegio que no está al alcance de cualquiera. Ya en el avión, como de costumbre, el artista sintió una vez más el deseo compulsivo e irrefrenable de exhibir, como él solía decir, “*sus excepcionales facultades fonético-laríngeas*”. En esta ocasión el escenario era algo más que el trolebus Marín-Pontevedra. Casi quinientas personas atónitas contemplaban la película *Love in the sky* que John se estaba inventando en aquel mismo instante. Se desdobló en tres personajes y comenzó a pegarse consigo mismo por las filas del Jumbo a la vez que emitía toda suerte de efectos sonoros e incorporaba los correspondientes fondos musicales. “*Morgan, no tengo más remedio que matarte sobre el Atlántico a 11.000m de altura y con una presión en cabina de 750 m milibares. iiiBang, bang!!! iiiArgh!!!*”

En los aviones no es muy normal que se aplauda, por eso el comandante estrañado quiso invitar a la cabina al causante de tanto regocijo. Balan con su lógica aplastante no dejaba de sorprenderse de como aquella mole podía sostenerse en el aire sin caerse y le preguntaba al comandante si era muy difícil llevar la nave. Como

Como só con Balan pode ocorrer o máis inesperado o comandante levantouse e cedeulle o seu posto ante o estupor de todos. ¡Aí estaba John, vestido de *cowboy* (por suposto co piloto automático, pero el non o sabía), tripulando o Jumbo destino Nova York! Os membros do equipo non o podíamos crer.

Despois de días enteiros de patear as avenidas da gran mazá, o sorriso de felicidade de Balan non se apeaba do seu rostro. ¡América, América, a terra de John Balan! Repetía para si continuamente.

Unha das cousas que máis lle sorprendía e intrigaba era que ningún dos transeúntes se detivera para mirarlo como ocorría en Pontevedra. Ao final razoou: “*Non me miran porque todos son coma min. ¡América, América, a terra de John Balan!*”

Empezaba a estar molesto ao non ser o centro de atención de nada. Algo que nunca lle pasara. Por iso decidiu que a partir dese momento e, ante a nosa lóxica preocupación, tiña que facer algo que chamara a atención. En Washington cando pasábamos diante da Casa Blanca Balan moi decidido dirixíuse con paso rápido á porta e explicou moi serio a un negrazo de

dous metros con cara de poucos amigos que chegara de Pontevedra e quería ser recibido polo presidente Reagan. O policía mirábao de arriba abaixo e con moita educación soltoulle unha longa parrafada en inglés. Ao parecer, segundo nos contou des-

pois, esa mañá o presidente estaba moi ocupado e non podía recibilo. —*Peor para el. El o perde—* díxolle ao negro.

O día anterior á volta John estaba moi serio e o seu sorriso desaparecera da súa cara. Ao saír dun musical de Broadway intentaba dicirme que non quería volver, que tiña que quedarse en América, que desperdiciara os mellores anos da súa vida como artista en Galicia e que estaba seguro de que en Broadway acabaría triunfando. Non foi fácil convencelo. Só o argumento de que se se quedaba non se podería emitir nunca o programa de televisión logrou convencelo.

Son moitos os que pensan moi en serio que Balan se naceuse en América, onde o artista de talento sempre acaba triunfando, podería ser un número un. Valle Inclán afirmaba que lle fallara a época, Balan dicía que a el falláralle o país.

Unha vez en Galicia tardou en recuperarse da morriña que dicía sentir aínda por América. Axudou que os seus paisanos o seguían aplaudindo e admirando. Por outro lado, a viaxe a América, agora xa con coñecemento de causa, servíulle de fonte de inspiración para crear novas películas. Na Televisión Galega empezou a ser moi solicitado. Non perdía ocasión en calquera das entrevistas que lle facían de contar o desprante que lle



John Balan en Manhattan.

sólo con Balan pueden ocurrir lo más inesperado el comandante se levantó y le cedió su puesto ante el estupor de todos. ¡Ahí estaba John, vestido de *cowboy* (por supuesto con el piloto automático, pero él no lo sabía), tripulando el Jumbo destino Nueva York! Los miembros del equipo no nos lo podíamos creer.

Después de días enteros de patear las avenidas de la gran manzana, la sonrisa de felicidad de Balan no se apeaba de su rostro. ¡América, América, a terra de John Balan! Repetía para sí continuamente.

Una de las cosas que más le sorprendía e intrigaba era que ninguno de los transeúntes se detuviera para mirarle como ocurría en Pontevedra. Al final razonó: “*Non me miran porque todos son coma min. ¡América, América, a terra de John Balan!*”

Empezaba a estar molesto al no ser el centro de atención de nada. Algo que nunca le había ocurrido. Por eso decidió que a partir de ese momento y, ante nuestra lógica preocupación, tenía que hacer algo que llamara la atención. En Washington cuando pasábamos delante de la Casa Blanca Balan muy decidido se dirigió con paso rápido a la puerta y explicó muy serio a un negrazo de



Pilotando un avión cara a Nova York. | Pilotando un avión rumbo a Nueva York.

zoz de dos metros con cara de pocos amigos que había llegado de Pontevedra y quería ser recibido por el presidente Reagan. El policía lo miraba de arriba abajo y con mucha educación le soltó una larga parrafada en inglés. Al parecer, según nos contó después, esa

mañana el presidente estaba muy ocupado y no podía recibirlo. —*Peor para él. Él se lo pierde—* le dijo al negro.

El día anterior a la vuelta John estaba muy serio y su sonrisa había desaparecido de su cara. Al salir de un musical de Broadway intentaba dicirme que no quería volver, que tenía que quedarse en América, que había desperdiciado los mejores años de su vida como artista en Galicia y que estaba seguro de que en Broadway acabaría triunfando. No fue fácil convencerlo. Sólo el argumento de que si se quedaba no se podría emitir nunca el programa de televisión logró convencerlo.

Son muchos los que piensan muy en serio que Balan de haber nacido en América, donde el artista de talento siempre acaba triunfando, pudiera haber sido un número uno. Valle Inclán afirmaba que le había fallado la época, Balan decía que a él le había fallado el país.

Una vez en Galicia tardó en recuperarse de la morriña que decía sentir aún por América. Ayudó que sus paisanos lo seguían aplaudiendo y admirando. Por otro lado, el viaje a América, ahora ya con conocimiento de causa, le sirvió de fuente de inspiración para crear nuevas películas. En la Televisión Gallega empezó a ser muy solicitado. No perdía ocasión en cualquiera de las entrevi-

deu a Reagan e o ben que pilotou o Jumbo de Iberia ata Nova York. Especial éxito tivo unha serie de programas nos que interviña xunto a Vladimir Dragossan, o chamado Vampiro de Pontevedra, un excelente actor *gótico* que igual que Balan, construíra a súa propia realidade.

Moi celebrada foi a súa intervención no programa *El perro verde* que dirixía Jesús Quintero quen quedou impresionado pola personalidade de Balan. Proba da admiración que lle profesaba son as seguintes emocionadas liñas que escribiu con motivo dunha homenaxe que se lle rendeu en Pontevedra pouco antes da súa morte.

Hai artistas que nacen para a gloria, para o aplauso, para ser admirados polas masas afervoadas, outros nacen para resistir a duras penas, para arrastrarse por garitos de mala morte, para lidar con incompreensión do público non sempre respectuoso. John Balan pertence ao segundo porque a súa arte é unha arte rara, incualificable dentro das belas artes. Cando se nace artista, aínda que se intente, non se pode ser outra cosa e Balan nacera home orquestra. John Balan tiña aspecto de malo da película, pero era un home bo, xamais lle fixera mal a ninguén. Naceu nunha terra de lenda e conseguiu converterse nunha humilde lenda que ata ten a súa propia canción, a Balada de John Balan.

Vivió como artista e como artista resistiu ata o final. Foi fiel ao seu lema: o que traballa é que non vale para outra cousa. Quero unirme nesta homenaxe e render a miña profunda admiración a un home bo e a un artista erótico que loitou pola súa arte nas trincheiras máis duras e difíciles. ¡Quérote John Balan!

Cando ía a visitalo ao asilo de Pontevedra no que acabou os seus días, empezoume a asaltar unha desagradable sospeita. Todo canto dicía era demasiado coherente e cabal. Notaba coma se estivese regresando do outro lado da fantasía. Xa non se expresaba coa súa linguaxe habitual tan orixinal chea de xiros e frases xeniais. Falaba demasiado normal ¿Quizais como Don Quijote ao final da súa vida empezaba a renegar das súas quimeras? ¿Estábano empezando a abandonar os seus personaxes e xa só estaba presente Manuel Outeda? De ser así, resultaba tremendamente inxusto aquel final para quen vivira unha vida tan apaixonante.

A enfermidade que o tiña confinado no asilo impedíalle saír xa á rúa. Dicía moi aflixido sentirse como un preso, que un artista sen liberdade non podería ser xa nunca máis un artista, que cambiaría un só día na rúa falando coa súa xente por dous meses de vida no asilo.

Un día case sen decatarnos soubemos que morrera o primeiro e o último *cowboy* galego.

Ao final, John, fixéchenos a todos unha gran faena porque contigo levache tamén o foraxido de *La muerte es inoxidable*, o cantante de boleros, o sheriff de *Calzoncillos de manga larga*, o gángster de *Pasaje para un crimen*, o lanzador de foguetes, a loira perigosa de *¿Quién robó las peras del cementerio?*, o atracador de trens e os corenta e seis músicos da banda da Escola Naval Militar de Marín. Como ven, unha cuantiosa e moi sensible perda. **G**

Ángel Peláez é documentalista e director de cine.

tas que le hacían de contar el desplante que le dio a Reagan y lo bien que pilotó el Jumbo de Iberia hasta Nueva York. Especial éxito tuvo una serie de programas en los que intervenía junto a Vladimir Dragossan, el llamado Vampiro de Pontevedra, un excelente actor *gótico* que al igual que Balan, se había construido su propia realidad.

Muy celebrada fue su intervención en el programa *El perro verde* que dirigía Jesús Quintero quien quedo impresionado por la personalidad de Balan. Prueba de la admiración que le profesaba son las siguientes emocionadas líneas que escribió con motivo de un homenaje que se le rindió en Pontevedra poco antes de su muerte.

Hay artistas que nacen para la gloria, para el aplauso, para ser admirados por las masas enfervorizadas, otros nacen para resistir a duras penas, para arrastrarse por garitos de mala muerte, para lidiar con incompreensión del público no siempre respetuoso. John Balan pertenece a lo segundo porque su arte es un arte raro, incalificable dentro de las bellas artes. Cuando se nace artista, aunque se intente, no se puede ser otra cosa y Balan había nacido hombre orquestra. John Balan tenía aspecto de malo de la película, pero era un hombre bueno, jamás le había hecho mal a nadie. Nació en una tierra de leyenda y consiguió convertirse en una humilde leyenda que hasta tiene su propia canción, la Balada de John Balan.

Vivió como artista y como artista ha resistido hasta el final. Fue fiel a su lema: el que trabaja es que no vale para otra cosa. Quiero unirme en este homenaje y rendir mi profunda admiración a un hombre bueno y a un artista erótico que luchó por su arte en las trincheras más duras y difíciles. ¡Te quiero John Balan!

Cuando iba a visitarlo al asilo de Pontevedra en el que acabó sus días, me empezó a asaltar una desagradable sospecha. Todo cuanto decía era demasiado coherente y cabal. Notaba como si estuviera regresando del otro lado de la fantasía. Ya no se expresaba con su lenguaje habitual tan original lleno de giros y frases geniales. Hablaba demasiado normal ¿Quizás como Don Quijote al final de su vida empezaba a renegar de sus quimeras? ¿Lo estaban empezando a abandonar sus personajes y ya sólo estaba presente Manuel Outeda? De ser así, resultaba tremendamente injusto aquel final para quien había vivido una vida tan apasionante.

La enfermedad que lo tenía confinado en el asilo le impedía salir ya a la calle. Decía muy apenado sentirse como un preso, que un artista sin libertad no podría ser ya nunca más un artista, que cambiaría un sólo día en la calle hablando con su gente por dos meses de vida en el asilo.

Un día casi sin enterarnos supimos que había muerto el primero y el último *cowboy* gallego.

Al final, John, nos has hecho a todos una gran faena porque contigo te has llevado también al forajido de *La muerte es inoxidable*, al cantante de boleros, al sheriff de *Calzoncillos de manga larga*, al gángster de *Pasaje para un crimen*, al lanzador de cohetes, a la rubia peligrosa de *¿Quién robó las peras del cementerio?*, al atracador de trens y a los cuarenta y seis músicos de la banda de la Escuela Naval Militar de Marín. Como ven, una cuantiosa y muy sensible pérdida. **G**

Ángel Peláez es documentalista y director de cine.